

## San Fins de Sales

*Fins* vén do adxectivo latino **felix, felices** que significa, 'fértil, fecundo' e despois 'favorito dos deuses', e de aí 'contento'. San Fins de Nola (séc. III) foi un confesor nacido en Nola (Campania, Italia). Durante a persecución de Diocleciano recibiu na prisión a visita dun anxo que o liberou para que puidese ir socorrer o seu bispo, o cal morría de fame nun lugar abandonado. Salvoulle a vida dándolle a beber o zume dunha piñoca de uvas que Deus fixera pousar milagrosamente enriba dun mato. Unha gran arañeira que cubría a entrada do lugar onde se refuxiaban permitiúlles escapar dos seus perseguidores.

Tamén é coñecido San Fins o Africano (séc. IV) que foi apóstolo de Girona. Foi aló dende África ó saber as persecucións que sufrían os cristiáns nestas terras. Prendérono e torturárono e morreu desangrado.

Xeralmente aparece vestido con roupas de cura ou diácono. Pode levar ós pés un idolo escachado, tamén a palma do martirio, unha moa de muíño, unha cruz en aspa e case sempre leva o libro do evanxeo.



### A Ferreira

Este topónimo procede da forma latina **ferraria** e esta á súa vez de **ferrum** 'ferro'.

Moitos destes nomes de lugar nacen do feito de estaren próximos a unha zona na que se extrae ferro ou na que hai unha ferrería; estes centros de traballo normalmente atopábanse cerca de camiños bastantes transitados.



### Nande

Vén do xenitivo **Nandi**, do nome xermánico **Nandus**, cunha raíz **\*nanth** 'atrevido'.

Elixio Rivas propón a base céltica **nant-** 'val' como punto de partida para este nome de lugar.

Aparece con frecuencia como segundo elemento de nomes compostos: **Fernandelo, Fernández, Semande...**



### Cornado

Gonzalo Navaza propón como orixe deste topónimo a forma latina **corona** e non **cornus** (nome dunha árbore) do cal veñen **Cornido, Cornidos, Cornedos, Cornida, Corneda e Cornide**. Como topónimo oronímico fai referencia a un punto elevado, posiblemente con forma redondeada.

Pola súa parte, Cabeza Quiles di que procede dunha voz precéltica **\*corn** ou **\*corn** 'pedra, cousa dura, esquina', polo que estaría motivado pola referencia a lugares rochosos.



### Silvaescura

*Silva* procede do latín **silva**. En toponimia significa 'bosque, mato' e non ten nada que ver coa planta que dá as amoras (**silveira, silva, Rubus fruticosus**), sentido que adquiriu máis tarde, aínda que haxa algúns topónimos que estean relacionados con este significado moderno.

O adxectivo que acompaña tamén vén do latín **obscura** parece facer referencia ó 'tupido' monte.



### Illobre

Os estudiosos consideran que este topónimo é de orixe céltica. Esta formado por dous elementos. O primeiro obtémolo por comparación con outros topónimos como **Illá, Illade, Illoa e Illó** e ademais temos o substantivo **illó** que significa, 'pantano, charco'. O segundo, **-obre**, procede do tema céltico **brig-**, de nominativo **-brix**, que en época antiga presentan varias variantes: **brica, briga, bria** ou **bris**. Segundo Elixio Rivas presenta a seguinte evolución semántica: monte>monte fortificado>cidade for-



te>cidade.

### Ramil

O topónimo **Ramil** vén do xenitivo de posesión (**\*villa**) **Ranimiri** e este de **Ranimirus** con clara procedencia xermánica. A raíz **ra-** significa 'roubar, capturar'. A terminación **-miri**, do gótico **meris** 'famoso, célebre', pasou a **-mir, Ramir**, e logo a **Ramil**, cambio provocado pola caída do **-i** final.



### A Gándara

O presente topónimo ten probablemente unha orixe precéltica. Elixio Rivas dá como base **\*kand-, \*kant-** co valor de 'rocha' fundamentalmente, 'rocha grisácea', significado que evolucionou ata 'chaira inculca, terreo nivelado ou liso sen cultivar'.

Esta base dá numerosos topónimos: **Gandra, Gándaras, Gandras, Granda**.



### Trasariz

Antonio Díaz Fuentes en **Toponimia de la comarca de Sarria** di que **Ariz** provén do nome de persoa **Alaricus**, xenitivo **Alarici**, que nunha evolución perfecta perdeu o **-i** intervocálico e o último **-i**, converténdose o **-c** final en **-z**. O elemento inicial, **tras**, é unha preposición e significa 'detrás'. A forma **-ariz** significa 'rico, poderoso'.



### Sales

Este topónimo procede dunha raíz indoeuropea hidronímica **sar-/sal-** 'río, corrente de auga'.



### Texo

Pode ser un hidrónimo de orixe prerrománica.

